

# **FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**

## **1-Francisco Fernández del Riego**

### **Vilanova de Lourenzá, 1913**

Eu nacín o 7 de xaneiro de 1913 -xa pasaron anos desde entón-, nunha pequena vila achegada aoó Cantábrico lugués. Chámase Vilanova de Lourenzá.

## **2-A II República**

Examineime na Universidade de Santiago da reválida e, unha vez rematados os estudos de bacharelato, decidín facer unha carreira superior. Meu pai veía con simpatía que eu me fixese avogado; eu non tiña moita vocación de avogado, pero por satisfacelo, aínda que el nunca me impuxo nada, decidín estudar.

Fixen o primeiro curso en Madrid, no ano 1930-31..., asistín a todos os preludios da proclamación da República. Vivín intensamente aquel ambiente dende o ámbito universitario e, despois de proclamada a República, na época de verán, volvíñ de novo ao meu pobo, a miña vila.

## **3-O galeguismo**

Un amigo me deu a coñecer a teoría do nacionalismo galego de Vicente Risco e isto influíu moito no meu ánimo.

Ao chegar a Vilanova de Lourenzá decidín festexar o 25 de xullo -día de Galicia-. Lanzamos un manifesto recordatorio, ¡eu intervín por primeira vez en público, dende o balcón do Concello! Onde izamos a bandeira galega.

## **4-A loita na súa mocidade**

Intervín activamente nas loitas universitarias: fun Secretario Xeral do grupo *Ultreia*; fun Secretario Xeral das Mocidades Galeguistas; dirixín a revista *Universitarios*; fun membro directivo da revista *Alento*; colaboraba en todos os xornais..., non só de Galiza, senón, tamén, na emigración.

E sendo mozo intervía en case todos os actos: con Castelao; con Bóveda; con Suárez Picallo; con Alonso Ríos; con Otero Pedrayo, etc, de maneira, que eu pisei Galiza de punta a punta facendo propaganda do Partido Galeguista primeiro, e do Estatuto despois.

### **5-A dictadura franquista**

O rematar a guerra reintegreime a Santiago, pero dixéronme que alí non estaba seguro e decidín virme a Vigo.

As vivencias -daquela época- non se poden transmitir, pero eran unhas vivencias moi duras. ¡A vida non valía nada e non preocupaba en absoluto!

### **6-O labor cultural na posguerra**

En realidade o Partido Galeguista seguiu funcionando ata que os acontecementos exteriores empezaron a desanimar á xente. E, pouco a pouco, foi esmorecendo sin que ninguén disolvese o Partido Galeguista. A xente foise metendo nas súas casas, decepcionados, escépticos..., e o partido desapareu. Entón, pensamos en facer un labor cultural, un labor cultural para concienciar o país dos seus valores, da súa personalidade, da súa lingua..., etc, etc, e así foi como naceu Galaxia.